

AS BOLBORETAS DA MEMORIA

A-INTRODUCCIÓN

O CEIP Padre Feijoo é un centro no que se integran un total de 21 unidades: 13 de primaria e 8 de EI cun total de 435 nenos/as. Ubícase en Allariz, unha vila que nos últimos anos ten experimentado grandes transformacións a todos os niveis (urbanístico, social, económico, cultural...) o que fai que hoxe sexa coñecida dentro e fóra da nosa comunidade, como un “modelo a seguir” para outros lugares.

O CEIP Padre Feijoo, como órgano responsable da educación dos cidadáns que conforman esta vila, ten a obriga de participar activamente neste proceso de transformación, mediante a colaboración con todos os órganos do seu contorno, que dalgún xeito poden contribuir a mellorar en todos os aspectos (académico, afectivo, artístico...), a calidade da educación e da vida dos nosos alumnos/as.

Un dos órganos máis importantes dentro dun centro educativo é, sen dúbida, a BIBLIOTECA ESCOLAR, xa que é o lugar onde están centralizados todos os fondos documentais que existen no mesmo e ademais é un punto de encontro para toda a comunidade educativa. Isto, unido ás novas esixencias que nos marca día a día o proceso educativo, lévanos a pensar que o primeiro paso para lograr a transformación integral do noso centro, pasa pola renovación e dinamización da Biblioteca que se ten que converter nun espazo acolledor e á súa vez funcional, que contribúa co seu traballo a fomentar o gusto pola lectura pero tamén a desenvolver no alumnado as competencias básicas que esixe a sociedade actual:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en Ciencias e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.

- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Debe tamén contribuir a atender á diversidade e ser un elemento de compensación das desigualdades sociais.

A-1 CAPACIDADES PROPIAS: OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

A programación contempla a consecución das seguintes:

- ✚ Comprensión, análise e interpretación da realidade por mediación da plástica e das técnicas artísticas e do horto escolar máis relevantes
- ✚ Coñecemento e emprego dos elementos de refugallo e de reciclaxe.
- ✚ Aprendizaxe dos obxectos que se representan.
- ✚ Análise e coñecemento da vida e especies das bolboretas.
- ✚ Desenvolvemento da memoria visual e a retentiva do aprendido para aplicar á elaboración do material.
- ✚ Observación e estudo das distintas especies de plantas e de bolboretas para aplicar o aprendido.
- ✚ Coñecemento e capacidade de clasificación dos distintos tipos de material de refugallo para o reciclaxe.
- ✚ Coñecemento do autor da “lingua das bolboretas”.
- ✚ Visualización de pequenos fragmentos do filme e análise dos mesmos por parte do alumnado de 5º e 6º de primaria.
- ✚ Busca, procesamento e emprego de información necesaria para a resolución as propostas de traballo.

- ✚ Manexo da información deste alumnado para ampliar información a través de internet e outros medios para traballar na aula nas materias de Lingua galega, Lingua castelá, Ciencias da Natureza e Ciencias sociais.
- ✚ Avaliación do resultado das actividades.
- ✚ Outras...

A-2 CONTIDOS TRABALLADOS

Para a consecución destes obxectivos organízanse bloques de contidos, o que non implica que sexan tratados como temas independentes. Antes ben, e posto que se buscan metodoloxías de traballo activas e participativas (especialmente nestas materias de tipo práctico) os contidos deben actuar como ferramentas que se irán poñendo á disposición do alumnado á medida das súas necesidades e nos momentos que vaian a ser utilizados. Estas grandes áreas de **contidos específicos** serán:

- A vida e especies de bolboretas.
- Plantas e flores relacionadas coas bolboretas.
- A reciclaxe a través de material de refugallo.
- A expresión da subxectividade.
- Coñecemento do filme da “lingua das bolboretas” e do seu autor Manuel Rivas.
- O traballo dos Mestres/as do século pasado.
- Outros...

A-3 CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS

- TRABALLOS PREVIOS:

Preparación e difusión do esquema de traballo por cursos dende Infa ntil ata 6º de primaria e Mestres. Busca de documentación informativa. Adquisición de soportes e material. Todo isto durante a segunda avaliación.

- REALIZACIÓN NA AULA:

Reparto do traballo e das actividades. Encargo dos traballos de documentación (aula/casa).

Análise da información. Execución das actividades durante a terceira avaliación.

- **POSTPRODUCCIÓN:**

Preparación do material para difundir (blog, exposición física como mesas nos corredores, taboleiros, vídeos, Roteiros, encontros con autor...).

- **PARTICIPANTES:** Todos os Mestres/as titores, especialistas e alumnado dende Infantil a 6º de primaria de CEIP Padre Feijoo. A coordinación dos recursos e a difusión correspondeu ao Equipo de Biblioteca e á súa coordinadora, Concello...

B-OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O obxecto deste proxecto foi a necesidade de darlle a coñecer ao alumnado a película da “lingua das bolboretas” a partir do Festival de Xardíns que neste ano 2019 está adicado ao cine.

A partir de ahí fórmase un grupo de traballo que foi tomando forma ao longo dos cursos e que se convertiu nun proxecto anual que consolida no curso 2018-19.

Coma todos os anos, ao inicio de cada curso, reunímonos os representantes das bibliotecas escolares para organizar unha programación conxunta co obxectivo de rentabilizar recursos humanos e materiais (encontros con autores, lecturas compartidas, celebración de datas conmemorativas...) en colaboración coas entidades culturais da vila (concellos, librarías, bibliotecas municipais...).

Dentro desta programación inclúese a participación na **X edición do “Festival Internacional de Xardíns”** que o concello lle propón aos centros escolares no 1º trimestre.

A coordinadora da biblioteca plantexa a distribución de actividades aos distintos cursos dende Infantil ata 6º de primaria no primeiro claustro do segundo trimestre, estando de acordo na súa totalidade.

C-DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO

Para facer o deseño do proxecto, contouse coa colaboración dos mestres e mestras que se apuntaron a un grupo de traballo para poder facer un esbozo dos modelos dos xardíns.

Partimos da base de que a edición deste ano do “Festival de Xardíns” estaba dedicada ao **cine**. Coincidindo co XX aniversario da estrea da película “**A Lingua das Bolberetas**” dirixida por José Luís Cuerda, rodada en gran parte en Allariz e Xunqueira de Ambía e baseada na obra de Manuel Rivas “**Que me queres amor**”, decidiuse dende un primeiro momento traballar sobre ela, dadas as múltiples posibilidades e riqueza no tocante a valores, contidos curriculares e transversais que ofrece esta película. Isto permitiunos involucrar diferentes áreas e departamentos didácticos na organización do proxecto de tal xeito que todas as actividades que se desenvolveron ao longo do curso estaban relacionadas con aspectos da película.

O proxecto parte dun fío conductor que vai vertebrando as actuacións dos distintos centros: “A educación e os mestres”, tema elixido para o **VI Certame Literario Falando de Solidariedade** que se titulou “As mestras e os mestres: unha historia de vocación solidaria”.

Decidíuse que cada Centro implicado no proxecto se dedicase a unha actividade concreta.

O IES de Allariz organizou o deseño da parcela dos Xardíns e o Roteiro polas vilas de Allariz e Xunqueira co alumnado de primaria e secundaria. Ademáis do encontro co escritor Manuel Rivas.



O CEIP Padre Crespo, participa activamente na organización do Roteiro en Xunqueira co escritor e o alumnado e organiza o VI Certame Literario.



O **CEIP Padre Feijoo** participa activamente na decoración da parcela facendo de esta actividade unha excusa para traballar a través de mini proxectos por cursos a vida das bolboretas (ciclos da vida, especies, vexetación necesaria para atraelas...)

D-DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

- **MEDIOS FÍSICOS E HUMANOS**
- **RECURSOS WEB:** A maior parte da información procede de internet.
- **CONCELLOS:** Facilitaron o encontro e o lugar co autor, a realización do Roteiro e do Certame literario e a adquisición de parte do material utilizado para a decoración da parcela do Xardín así como o transporte do material xa rematado dende os Centros educativos ata a parcela.
- **CEFORE:** A coordinadora da Biblioteca escolar participou activamente neste proxecto axudando e asistindo a todas as actividades feitas para este proxecto.
- **Outros...**

E-RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

As tarefas máis importantes quedan especificadas a continuación por cursos:

- **Educación Infantil:** O alumnado **3 e 4 anos** fixo bolboretas de distintos tamaños en plástico e en plastilina. Que se aproveitaron antes da exposición do proxecto para adornar o Maio artístico que se empregou na festa dos Maios na Praza da Barreira da vila de Allariz.

Esta festa servíu tamén de antesala para darlle difusión ao Proxecto para que fora exposta na praza xa que acolle a moita xente da Vila e de curiosos que se acercan de outros lugares alleos as costumes do pobo.



- O alumnado de **5 anos** fixeron bolboretas coas pezas de plástico “**Hama Beads**”. Estas pequenas pezas de plástico permiten facer distintas imáxes incluso de forma en 3D.



- **O Alumnado de 1º e 2º de Primaria:** Fixo bolboretas de distinto tamaño e formato con material de refugallo.



- **O alumnado de 3º de Primaria:** Fixo bolboretas a partir de chanclas da Praia usadas. Os nenos/as trouxeron das súas casas as chanclas de distintos tamaños e cores e foron traballando nelas ao longo do segundo trimestre. Durante o terceiro trimestre estiveron expostas polos corredores para que o resto do alumnado poidesen velas.



- **O alumnado de 4º de primaria:** Fixo un proxecto das plantas e das flores preferidas polas bolboretas así como as distintas especies. O Concello de Allariz trouxo ao Centro máis de 50 plantas. O colexio comprou a terra, os testos e a pintura. O alumnado coas súas titoras plantaron as plantas e flores traballando na aula, nos pasillos, no patio... Todo este material unha vez rematado levouse para a parcela de primaria e secundaria e serviron para engalanar a zona axardinada.

Foi un traballo feito íntegramente no recinto do colexio.



- O alumando de 5º e 6º de primaria: Fixo bolboretas de distintos tamaños en pedra, madeira e plástico de refugallo e reciclado. O plástico foi reciclado da botellas que utilizan para beber durante as clases de EF ou nos recreos. As pedras colléronas polo monte ou preto das súas casas igual que a madeira.





F-RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

Os recursos que se utilizaron para realizar a decoración foi material de refugallo. Plásticos de botellas, teas, chanclas da Praia usadas... e material natural coma madeira ou pedra.

Tamén se utilizaron plantas aromáticas e coloristas que lle gusten as bolboretas, terra e testos para plantalas.

Investigouse en Internet, nas enciclopedias da Biblioteca, información por parte do alumnado que trouxeron das súas casas, libros de texto, outros...



G-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Os membros do Equipo da Biblioteca, estiveron implicados na súa totalidade así como os distintos mestres/as do colexio.

Ao ser un proxecto que implica o emprego da proxección pública dos traballos do alumnado e da imaxe do propio alumnado resulta imprescindible a implicación das familias desde o primeiro momento. Esta implicación faise notar nun coñecemento do proxecto que é maior se o comparamos con outras actividades do centro. Notamos a implicación no visionado dos vídeos pendurados no blogue. Cabe unha mención especial á implicación das familias de infantil e primaria na colaboración coa información recollida polas nenas e nenos. A información recollida polo alumnado, como se dun traballo de campo se tratara, emociona especialmente. Por outra banda é destacable o apoio das direccións dos centros a este proxecto. Temos que ter e conta que sendo un proxecto que implicando imaxe pública do alumnado, saídas extraescolares, custo económicos é imprescindible que o equipo directivo apoie en todo momento este tipo de proxectos como así sucedeu.

H-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A difusión faise a través:

- Do Blogue dos CEIP Padre Padre Crespo, IES de Allariz e CEIP Padre Feijoo
- Do Blogue da Biblioteca “soños de papel”
- Do Blogue das Tics
- Do Blogue do Concello da Vila
- Corredores dos Colexios de Infantil e Primaria
- Outros...

I- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

 En canto aos **criterios de avaliación**

O profesorado responsable do desenvolvemento do proxecto realizará unha avaliación do deseño do mesmo para introducir modificacións oportunas antes do inicio e da posta en marcha do mesmo.

Neste senso valorarase:

- A adecuación e selección dos obxectivos propostos respecto á realidade do centro escolar.
- Equilibrio e relación entre obxectivos xerais e os específicos.
- Adecuación e suficiencia das actividades e actuacións para a consecución dos obxectivos.
- Concreción entre a formulación de actividades e a súa temporalización.
- Adecuación da organización de espazos e tempos para o uso da biblioteca.
- Idoneidade dos recursos e fondos bibliográficos.
- Outros...

Para levar a cabo a avaliación final sobre o nivel de competencias adquiridas polo alumnado, poderase utilizar o documento que figura como **ANEXO** ao final deste documento.

As avaliacións do Plan serán analizadas en reunións que poderán ser trimestrais, e en todo caso unha ao final do curso coa presenza de todo o equipo da biblioteca.

ALUMNO/A CURSO				
AVALIACIÓN DO PROXECTO		C A	C D	NA
PRIM	Mostra interés e escoita con atención			

	Coida os materiais utilizados			
	Asimila vocabulario novo e úsao adecuadamente			
	Traza correctamente as grafías			
	Pronuncia ben os sons e respecta as pausas textuais			
	Expresa ideas a partir da observación de imaxes			
	Recoñece aos protagonistas e identifica os espacios			
	Produce frases y textos breves correctos e con sentido			
SEGUNDO TRIMESTRE	Participa con atención e interés			
	Consulta o diccionario cando non entende un termo			
	Ordea as accións segundo a súa secuencia temporal			
	Distingue tipoloxías textuais en virtude da súa estrutura			
	Emite xuícios sobre as investigacións e respecta as opinións alleas			
	Produce materiais propios seguindo modelos pautados			
	Mostra interés pola biblioteca e súas normas de uso			
TERCEIRO	Entende sen dificultade o que se fixo e selecciona datos relevantes			
	Participa activamente na actividade proposta			
	Capta interrelacións entre ideas e elementos textuais			

	Argumenta correctamente sobre o proxecto realizado			
	Interésase por lecturas complementarias cando un tema lle atrae			

J-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A biblioteca xogou un primeiro papel como coordinadora e garante do cumprimento dos Plans anuais de lectura. Pero tivo outras moitas funcións neste proxecto;

- Actúa como centro de recursos humanos e laboratorio de ideas: lugar de reunión, de planificación de estratexias, de creatividade, de organización e coordinación...
- Actúa como centro de recursos materiais, tanto físicos como virtuais, poñendo toda a súa tecnoloxía ao servizo de usuarios: WIFI, proxección de cine, lectores, ordenadores, impresora, outros...
- Fomenta a formación do profesorado en cuestión metodolóxicas.
- Elabora recursos cos traballos realizados (vídeos, gravacións musicais, ilustracións...)
- E finalmente, difunde as experiencias a través de todos os medios ao seu alcance.

Allariz, 8 de Xullo de 2019

Asdo. Coordinadora da Biblioteca

Vto e Prace Director Ceip Padre Feijoo

Susana Lafuente Rodríguez

Javier Fernández Puga